

ALOYS

[Tobias Nöle, 2016]

175

ESTREA EN NUMAX: 02.12.2016 | V.O.S.E. | +12

Aloys (2016, 91')

Dirección: Tobias Nöle

Guión: Tobias Nöle

Reparto: Georg Friedrich, Tilde von Overbeck, Kamil Krejčí, Yufei Li, Koi Lee, Sebastian Krähenbühl, Karl Friedrich, Peter Zumstein, Agnes Lampkin, Rahel Hubacher

Vestuario: Leonie Zykan

Son: Maurizius Staerkle-Drux

Música: Tom Huber, Beat Jegen

Fotografía: Simon Guy Fässler

Productora: Hugofilm Productions (Suíza)

Distribuidora: Atera Films

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Suízo alemán

FILMOGRAFÍA

René, 2008 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinale 2016 (premio FIPRESCI, sección oficial), Las Palmas 2016 (premio do público), Saas-Fee 2016 (mellor filme)

SINOPSE

Aloys Adorn é un detective privado taciturno, un lobo solitario cuxo traballo consiste en filmar a outras persoas, observándoas en segredo e ficando invisíbel. Un día emborráchase e dorme nun autobús e, ao espertar, descobre que a súa cámara e as súas fitas foron roubadas. A misteriosa muller que o chama pouco despois parece ter algo que ver con iso.

«*Thriller* intrigante, perfectamente controlado e enormemente orixinal. Lembra a *La conversación de Coppola*»

Philip Kemp, TOTAL FILM



ALOYS

[Tobias Nölle, 2016]

«Encántame a xente que non encaixa nos estándares normais»

Entrevista con Tobias Nölle

Por Muriel del Don

Aloys fala da alienación, centrándose nun home contemporáneo que non podería estar máis lonxe do tipo de James Bond. Cal é a orixe desta idea?

Hai James Bonds de abondo na pantalla. Eu non son James Bond nin o é ningún dos meus amigos; somos exactamente o contrario. Tampouco somos Aloys Adorn, mais se cadra estamos un pouco máis preto del. Interésanme os antiheroes que comezan o filme sendo un desastre, psicópatas ou idiotas antisociais, mais que teñen un segredo oculto, unha cualidade humana que se revela lentamente, que os fai extremadamente únicos e os mergulla nun momento perfecto e máxico. Encántame a xente tosca, as persoas que non encaixan nos estándares normais e acordados de comportamento. Chámoos diamantes en bruto; son arcaicos e conservaron a súa pel e os seus ósos, en vez de se converter en simios lobotomizados que seguen a outros simios lobotomizados. É un tema recorrente no meu traballo. Coido que é extremadamente importante que lembremos que está ben ser diferente, ter emocións estrañas, que non nos guste o mesmo cós demais, non vivir unha vida formulada de antemán. Ao final iso é o que nos fai especiais, un entre un millón; iso é o que nos fai amar a esa persoa especial. Imaxina un mundo cheo de James Bonds: sería o inferno na Terra.

Por que elixiches a Georg Friedrich para interpretar a Aloys? Foi unha opción evidente desde o comezo?

Non, para nada. Ao principio estaban todos en contra, até o produtor. Temían que fose duro e extrovertido por demais para o papel. Mais cando vin unha entrevista en internet decateime de que era xusto o contrario, había algo de timidez encantadora e disconformidade nel que a min me parecía perfecto para o papel, así

que o convidamos a un cásting en Viena. Mais foi o peor cásting da historia, non memorizou nin unha soa frase e sentou no sofá, besbellando no seu acento austríaco que odiaba os cástings. Tentei traballar con el alí mais foi un completo fracaso. Foi horribel, a implosión dun soño. Non podía durmir e ao día seguinte preguntei ao axente de cásting se podía citarme con Georg outra vez, pero eu só, no cuarto do hotel. Foi mesmo peor!

Coido que ambos tiñamos moito medo a fracasar. E daquela, 15 minutos antes de que tivera que coller o taxi para ir ao aeroporto saíu da súa cuncha. Comecei a facerlle preguntas desde detrás da cámara: que pensaba sobre o seu pai, se o botaba de menos, que sentía agora que estaba só; era como unha entrevista, mais Georg de súpeto empezou a responder como se fose Aloys. Foi pura maxia no último momento, nunca o hei esquecer. De volta a Zurich, cando lle mostrei as gravacións do hotel ao meu produtor, dixo: «Non está actuando como Aloys, el é Aloys. Por favor, Tobi, dálle o papel».

Foi a cuestión das redes sociais e a fenda entre as nosas vidas reais e virtuais unha inspiración para o filme?

Si e non. A min interesábame máis a cuestión fundamental do amor e o rexeitamento, e a fenda, como dis. Quería explorar o lonxe que nos pode levar a imaxinación, cando empeza a substituír a realidade e onde termina derivando en loucura e esquizofrenia. A fenda tamén é algo que eu coñezo, por suposto, polas miñas relacións persoais: o choque entre proxección e realidade. A meirande parte do tempo parécenos que a nosa imaxinación é mellor mais non o é, só é máis segura. Se un espectador marcha do cinema sentindo que deixou atrás a zona de confort sería para min un pequeno trunfo.

Publicado en <http://cineuropa.org/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

La conversación, Francis Ford Coppola.
Universal Pictures [BluRay]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME